



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Proxecto	Reurbanización de tramo de la avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270), (proxecto modificado)
Plan	Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2020 (Plan Único de Concellos), POS+2020 AD2 (POS+2020 AD2)
Código obra	2020.2102.0375.0
Orzamento	351236,36 € (21 % IVE incluído)
Licitación (PLCSP)	2023/C003/000007
Procedemento	aberto (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)
Tramitación	ordinario
Órgano de contratación	O alcalde

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello

Sesión núm.: 5

Tipo de sesión: ordinaria

Data: 11 de xuño de 2024 (martes)

Hora de comezo: 10:05 h

Hora de remate: 10:10 h

ASISTENTES

- Pablo Negreira Souto, concelleiro de Obras e Servizos, Urbanismo e Mobilidade, (en substitución do alcalde, Alberto Romar Landeira), presidente
- Cristina Alonso Losada, secretaria xeral, vogal primeiro
- Francisco Javier Ulloa Arias, interventor municipal, (en comisión de servizos), (PR da DXAL do 18/01/2024), vogal segundo
- Evaristo Lois Rama, funcionario municipal, -adxunto a secretaría-, como secretario da mesa, con voz e sen voto

ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta sesión anterior, a núm. 4 do 07/05/2024
2. Comprobar a documentación requirida ao licitador que presenta a mellor oferta
3. Proposta de adjudicación, se procede
4. Rolda de intervencións

Foi comprobado polo secretario da mesa o quórum de asistencia que se precisa.

Foi aberta a sesión, non pública, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.



DEBATE E ACORDOS

1 Aprobación acta sesión anterior, a núm. 4 do 07/05/2024

Apróbase a acta da sesión anterior, a núm. 4 correspondente ao 07/05/2024, de carácter ordinario.

2 Comprobación da documentación ao licitador presenta mellor oferta

A mesa de contratación, en sesión realizada o 07/05/2024, acordou, entre outros asuntos, elevar a proposta ao órgano de contratación de adxudicar o contrato da obra **Reurbanización de tramo de la avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270), (proxecto modificado)** á empresa *Mantido, SL*, ao presentar a mellor oferta (relación calidade-prezo).

O alcalde no decreto núm. 736/2024 do 16/05/2024 resolve requirir á mencionada empresa a documentación antes da adxudicación, ao abeiro da cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe na licitación (PCAP).

O requirimento da documentación realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o 21/05/2024.

O secretario da mesa indica que a empresa presentou documentos no tempo e na forma, por medios electrónicos, coa sinatura electrónica e na Plataforma de Contratación do Sector Público, (PLACSP). (Data que presenta: 28/05/2024. Código seguro de verificación: PNBTW_QHGRE_OLHK1_17234).

A mesa comproba a documentación que presenta a empresa proposta como adxudicataria, segundo a cláusula 16 do PCAP.

Os datos máis relevantes son:

Data e hora de emisión do certificado:	05/06/2024 08:39:32	Número de inscrición:	2250
Datos da entidade:			
Razón Social/Nome:	MANTIDO SL		
Tipo societario:	Sociedade de responsabilidade limitada		
Nº Identificación:	B15819642		
Nacionalidade:	Española		

Registros Oficiais de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público	
Registro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) núm.	NIF B15819642 (VIES: ESB15819642)
Registro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (RXCCCAA Galicia) núm.	2250



Obxecto social

La sociedad tiene por objeto:

- a) Consolidación y reparación de terrenos, demoliciones y derribos.
 - b) Construcción de obras y edificaciones cualesquiera que sea su uso, reparación y conservación de las mismas, trabajos de albañilería, decoración, jardinería y acabados.
 - c) Construcción, reparación y conservación de caminos, vías, carreteras y cualquier tipo de obra pública o privada o así como cualquier otra actividad de lícito comercio"
- Dicho objeto social podrá realizarlo bien directamente, bien mediante la titularidad de acciones o participaciones en otras sociedades "

Representación e/ou apoderamentos

Escritura	Data escritura	Notaría	Protocolo	Rexistro Mercantil
Nomeamento administrador (Escritura de Apoderamento)	19/03/2014	Vimianzo. Carmen Susana Mora Ferreiro	289	10/04/2014
Administración Único	Martín Castiñeira Pérez	***7107**		

Declaración non consta causa de prohibición de contratar

No Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia non consta a causa de prohibición de contratar tipificada no artigo 71 da LCSP-2017. No ROLECE, non existen prohibicións viventes para contratar

Cumprimento de obrigas tributarias, AEAT, ATRIGA e coa Seguridade Social (art. 71.1.d da LCSP)

Cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

	Data emisión	Data validez	Carácter
Certificado de cumprimento coas obrigas tributarias da Comunidade Autónoma de Galicia	23/02/2024	23/08/2024	Positivo
Certificado de cumprimento coas obrigas tributarias do Estado	23/02/2024	23/08/2024	Positivo
Certificado de cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	23/02/2024	23/08/2024	Positivo

Alta e xustificación de pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE)

Alta e xustificación de pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE):

Epígrafe	Ámbito	Provincia	Concello	Pagamento/ exención	Exercicio	Observacións
507.0	Cota local	A Coruña	Camarifas	Exento art. 82 1.b RDL 2/2004	2019	-

Garantía definitiva (5 % prezo que oferta, excluído o IVE) **13.368,75 €**

Entidade: Banco Santander. Data do aval: 23/05/2024. Núm. aval: 0049 7748 48 2110000394

Garantía complementaria (5 % prezo que oferta, excluído o IVE) **13.368,75 €**

Entidade: Banco Santander. Data do aval: 23/05/2024. Núm. aval: 0049 7748 48 2110000392

Acredita dispor efectivamente medios persoais e materiais (cláusula 16.1.11 do PCAP) **Si**

Informe de non ter débedas co Concello de Santa Comba **Si**

Plan de Igualdade (cláusula 16.1.13 do PCAP) documento que acredita a aprobación **Si**

O secretario da mesa comunica que comprobou no ROLECE e no RXCCCAA de Galicia que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

Faise constar que non ROLECE non é posible comprobar se unha empresa se atopa ao corrente nas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma de Galicia, xa que logo non existe apartado que os recolla. Estes datos se comprobán no RXCCCAA de Galicia.



O secretario da mesa, coa autorización expresa dos licitadores que consta na PLACSP, comproba os datos do licitador de atoparse ao corrente das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e a Comunidade Autónoma de Galicia.

Incorpórase ao expediente o documento que o acredita.

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDA:

Considerar que os documentos que presenta a empresa son correctos e de acordo coa cláusula 16 do PCAP.

3 Proposta de adjudicación, se procede

Logo de comprobar que a empresa presentou a documentación correcta, segundo a cláusula 16 do PCAP.

E de ver que a mesa de contratación en xuntanza do 28/09/2022 acordou clasificar as proposicións presentadas e admitidas con este resultado:

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas para, posteriormente, elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación, no caso de que a clasificación a realice a mesa de contratación, ao abeiro do artigo 150 da LCSP (clasificación das ofertas e adjudicación do contrato).

A mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDOU**:

Elevar a proposta ao órgano de contratación de adjudicar o contrato da obra **Reurbanización de tramo de la avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270), (proxecto modificado)** a prol da proposta que presenta a mellor oferta, (relación calidade-prezo):

Adjudicatario		
Licitador	CIF	Puntuación
Mantido, SL	B15819642	52,21



Prezo de adjudicación (€) e outras condicións/vantaxes da oferta					
Prezo total	Valor estimado	Importe IVE (21 %)	Economía/Baixa	Plan Igualdade	Prazo execución
323.523,81	267.375,05	56.148,76	27.712,55	Si	3 meses
Prezo letra	Trescentos vinte e tres mil cincocentos vinte e tres euros con oitenta e un céntimos de euro				
Condicións (Plan Igualdade)	A empresa está obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución da obra (anexo IV, apartado II.3 igualdade da Fase II do PCAP)				

Motivación	
A mellor oferta, (relación calidade-prezo).	
A puntuación máis alta dos criterios de valoración (anexo IV do PCAP)	

A proposta de adjudicación non crea dereito ningún a prol do licitador proposto fronte á Administración (artigo 157.6 da LCSP).

4 Rolda de intervencións

Non se realiza intervención ningunha.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario da mesa

O presidente da mesa

Evaristo Lois Rama

Pablo Negreira Souto

(Documento que se asina electronicamente)